

# Poemas

CLAUDIO PATO

*Para Susana e Asok Thakur*

tiradas as ideas do tambor das lavadoras

estas, foron enchendo tanto a casa á esquerda dos broches de Papa que o señor Asok Thakur acendía o lavaplatos cos seus ollos postos nos extrarradios dos arrabaldos. tamén a través dos cristais dos escaparates nos homes e mulleres dos barcos que seguían claro a se interesar polo que non era detención do proceso senón proceso vecindade común de lectura moi lenta...

\* \* \* \*

ao marxe das plantacións de cáñamo sativa  
Anastasia rompe a cadeira ao esvarar entre tanta felicidade

no que queda dos búcaros todo o teu corpo é mesmo como unha segunda fenomenoloxía do espírito

a forma de te trenzar os cabelos

de te entender ao tempo coa natureza dos teus xenitais tamén dende a altura do trampolín da piscina a onde chegas como de visita vindo dende as cidades nos autobuses.

cousa estrada.

Fisis.

COMO O MELLOR XEITO DE SOPORTAR A FÁBRICA.

1.  
percorridos de flores mesmo parecidos aos esqueletes das sardiñas que alí antes viviran arrodoados de amor...

dispense a caoba da habitación non é o suficientemente metropolitano

nin a liña que liga a fronteira co xardín é unha lanterna afundida ao xeito das habitacións dos hóspedes

unha mediación do mundo que como os teus zapatos ten varias horas para o amor.

2.  
asentados sobre da purpurina dos taburetes do cinematógrafo de verán segundo unha industria dos números adeprendida na infancia tras sumar os catro primeiros números...

moito máis universal

...e de onde escampan os publicistas.

*(os zapatos de Warhol-Van Gogh)*

\* \* \* \*

Da fundamentación da metafísica dos costumes.

Para non te mexares nos pantalóns que tan ben che sentan  
Son tamén todos os teus vestidos como campos de golf  
Cores que garanten o sentido dos maceteiros onde te vai colocando

**A vida!!!**